

A REVISTA DA
BIBLIOTECA

ABRIL MAIO XUÑO
2025

Nº 65

ABRACADA BRA

LIBROS E MÁIS LIBROS

PASATEMPOS

CLÁSICOS A MEDIDA

QUE HAI DE NOVO...



Deputación
DA CORUÑA

180
- ANIVERSARIO 1845-2025

BIBLIOTECA
PROVINCIAL
DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA



LIBROS E MÁIS LIBROS

Non pode ser... non me dá tempo... é imposible... pero literalmente imposible!!! Estou a angustiarme... non podo respirar... fáltame osíxeno... Que vou facer?!!! Necesitaría cen vidas!!! Non... Mil vidas!!! Non... Un millón de vidas!!! Non sei cantas vidas me farían falta. Nin sequera sei se sería posible tendo tantas vidas... Levades moito tempo aí? Perdoade se vos asuste. Non é que estea a tolear, ou si... quen sabe... O que sucede é que acabo de dar-me conta que aínda que o único que fixese a partir de agora fose ler, non podería ler todos os libros que me interesan. E cada ano que pasa, os libros que quero ler multiplícanse, pero os días que teño non... É frustrante! Asfixiante! Paralizante! Non sei que facer... É que... son conversacións que non me quero perder. Como? Estráñavos que os trate como conversacións? Seica non facedes o mesmo? Non tedes miles de conversacións abertas en busca de respostas ás que, de súpeto, un libro axústase encaixando perfectamente coma se da peza dun quebracabezas tratárase? A min pásame constantemente... E, cando sucede, tes a sensación que de repente todo ten sentido... é... maxia pura!!!



Como?!! Que a estas alturas non creedes na maxia? Non o digades nin de broma!, porque como di Roald Dahl en “Los Mimpins”: “O que non cre na maxia nunca a atopará”. Poida que soe estraño, pero “...ás veces hai que deixarse levar polo que di o corazón e confiar” (Leticia Costas en “O neno de lume”) porque “Só co corazón pódese ver ben; o esencial é invisible aos ollos.” Non o digo eu, dí “El Principito” de Antoine de Saint-Exupéry.



Non me miredes así. ”Non son un polo sen cabeza, tan só descubro novos horizontes.”(María Canosa en “Emilia Pardo Bazán: Unha mente poderosa”) Xa sei que resulta raro que, precisamente eu, que sempre estou ás voltas coa ciencia, véñavos agora con estas lerías. “Pero as cousas imposibles ás veces suceden!” (Jean-Claude Mourlevat en “Jefferson”) a xente cambia. Por que ía ser eu diferente? Que non volo credes?, “os cambios resultan imperceptibles en períodos curtos, pero iso non quere dicir que non se produzan” (Rocío Leira en “Trescatorcedezaseis”) Non sei. “Talvez non son a persoa que cría ser” (Cassandra Clare en “La cadena de oro”) Doutra banda, “calquera cambio obedece sempre a unha causa; non hai nada que poida desaparecer así sen máis” (Nora K. e Vittorio Hösle en “El café de los filósofos muertos”) Ou si. ”Porque que ninguén o fixera aínda non significa que non se poida facer” (María J. Costa en “Initium Magia!”)

Non digades nada. Meditade un momento... ”Non hai nada que non se poida aprender...” (Celia Díaz Núñez en “Rugando ou o misterio do cuarto secreto”) aínda así, ”ningunha solución parece satisfacer a todos” (Paloma González Rubio en “Ventanas”) e, aínda que está claro que ”O universo non deixará de asombrarme nunca” (Jostein Gaarder en “Hay alguien ahí?”) ”...é moi posible que nós e ti nunca vexamos o mesmo arco da vella xa que a luz que atravesa as pingas de choiva non é a mesma vista desde puntos diferentes.” (Axier Uzkudun en “¿A qué sabe una nube?”) Este simple feito fai que a vida sexa máis estraña e interesante e que aflore a curiosidade por todas partes. A cuestión é ter a mente aberta e non quedar encerrado nun pensamento. É verdade que “non tes poder sobre que cousas te asustan, pero si tes poder sobre como as enfrontas” (Iria G. Parente en “La flor y la muerte”) así que buscade camiños novos, e se tedes algunha dúbida que non vos asuste preguntar. Lembrades a “Alicia en el país de las maravillas” de Lewis Carroll?

“-Poderías dicirme, por favor, que camiño debo seguir para saír de aquí?

- Isto depende en gran parte do sitio ao que queiras chegar –dixo o Gato.

- Non me importa moito o sitio... -dixo Alicia.

- Entón tampouco importa moito o camiño que tomes –dixo o Gato.

- ...sempre que chegue a algunha parte –engadiu Alicia como explicación.

- Oh, sempre chegarás a algunha parte –asegurou o Gato-, se camiñas o suficiente!”



Non vos parece das mellores reflexións de todos os tempos? Ao final, a vida resúmese en tomar decisións, pero despois dunha decisión vén outra porque ”... esa elección xa está feita e quedou atrás. O único que importa é o que fagamos agora...” (Laura Sebastian en “Reina de fuego”) E todo isto para que? Para percorrer o camiño dos nosos soños, porque ”cando renunciamos aos nosos soños, o mundo perde a cor.” (Violeta G en “La melodía de la magia”) ”Crees nas casualidades?” (Rubén Azorín en “Spin nulo”) ”O reto da vida é facer todo o que un poida co que un ten” (Victoria Jamieson en “ Cuando brillan las estrellas”) E, que é o que ten? Tempo. E..., “o tempo é vida. E a vida reside no corazón” (Michael Ende en “Momo”)

Vémonos no próximo número!!!



PASATEMPOS



E, para non perder o costume, aquí vos deixamos algúns chistes para rir a esgalla:



Entra un hombre en una biblioteca y pregunta:

- ¿Tienen libros sobre el sentido del gusto?
- No. Sobre gustos no hay nada escrito.

Un amigo le dice a otro:

- Te noto huidizo, misántropo, melancólico y taciturno. ¿Necesitas algo?
- Sí, un diccionario.

Un señor muy preocupado entra en una librería y pregunta:


- ¿Tienen el libro “Cómo resolver el 50% de los problemas”?
- Sí, lo tenemos.
- Deme dos.




Se encuentran dos libros por la calle y le dice uno a otro:

- Te veo más delgado.
- Sí, es que la semana pasada me quitaron el apéndice.

Tamén, deixámosvos 3 xeroglíficos para que lle deades aos miolos. A pista é a mesma para todos: Que libro xuvenil estás a ler?



E, para rematar, un labirinto moi arrevesado. Seredes quen de axudar a Alicia a saír del?



Na biblioteca fixemos unha selección dos clásicos de sempre, adaptados á túa medida. Ven á biblioteca e escolle o teu talle!



S

- El Libro de la selva / Rudyard Kipling.
- Contos de Andersen / introducción, Gustavo Martín Garzo.
- A Odisea contada aos nenos / por Rosa Navarro Durán.
- La Isla del tesoro / Robert Louis Stevenson.



L

- El Mago de Oz / L. Frank Baum.
- Memorias de un neno labrego / Xosé Neira Vilas.
- Veinte mil leguas de viaxe submarino / Jules Verne.
- Las Aventuras de Sherlock Holmes / Arthur Conan Doyle.



M

- Las Obras de William Shakespeare / presentadas e ilustradas por Marcia Williams.
- El Principito / Antoine de Saint-Exupéry.
- Las Aventuras de Tom Sawyer / Mark Twain.
- Oliver Twist / Charles Dickens; ilustración, Ángel Luis González.



XL

- Don Quijote / Miguel de Cervantes.
- El Mundo de Sofía: una novela sobre la historia de la filosofía / Jostein Gaarder.
- Metamorfosis / Ovidio; adaptación de Agustín Sánchez Aguilar.
- Alicia en el País de las Maravillas / Lewis Carroll.

Que hai de novo...?

* Esta ano **A BIBLIOTECA CUMPRE 180 ANOS** e estes próximos meses veñen cheos de celebracións: en abril o Día do Libro Infantil e Xuvenil e o día do Libro. En maio Día das Letras Galegas e Día dos Museos... Mantédevos informados destas celebracións.

* **PRÉSTAMO DIXITAL.** Se tamén che gusta ler en dixital non agardes máis e dáte de alta na biblioteca dixital EbiblioDaCoruna. É moi sinxelo, consulta na páxina web

www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info

* **RECUNCHOS NA BIBLIOTECA** con libros, DVD e materiais adicionais de diferentes temáticas nos que sempre atoparás algunha sorpresa.

* **RESERVAS E RENOVACIÓNS.** Podedes facelas na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.

* Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA.** Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo biblioteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal e publicarámoslas no próximo número da revista.




Solucións dos pasatempos

Xeroglíficos

Cartas de inverno de Agustín Fernández Paz. A lingua das bolboretas de Manuel Rivas.

Invisible de Eloy Moreno



Biblioteca Provincial
da Deputación da Coruña
Sección Infantil e Xuvenil
R/Riego de Agua, 37 – 15001 A Coruña
Tfno: 981 080 171

Depósito Legal: C 4802-2008